



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE MAIO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de maio de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de maio de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Dirección Xeral de Administración Local, comunicando Resolución concendendo subvención por importe de 32.723,20 euros para o proxecto denominado "Mellora e adecuación de parques infantis dentro da rede CRA Amencer.

- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 28.04.2016 relativo a adxudicación de contrato a empresa Estrategia e Organización S.A. (EOSA), para elaboración da relación de postos de traballo do Concello de Ribadavia.

- De Augas de Galicia, remitindo informe trimestral (1º trimestre 2016) sobre a E.D.A.R. de Francelos.

- Do Instituto da Xuventude, Resolución concedendo subvención por importe de 11.100 euros para proxecto núm. referencia 2016-1-ESO2-KA105-007448, encadrado no programa "Erasmus+".



- Do Instituto da Xuventude, Resolución denegando a concesión de subvención paa o proxecto denominado "Ayuntamiento de Ribadavia: Support to the Youth Local Community".

- De Aqualia, comunicando escrito de remisión de contestación a requerimento efectuado pola Inspección e Vixilancia Sanitaria da Xefatura Territorial de Sanidade.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA ADXUDICACION DA SUBMINISTRACION DUN CAMION BASCULANTE CON GRUA PINZA PARA O CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Vista a aprobación do prego de cláusulas administrativas e de prescripcóns técnicas de data 13 de abril de 2016 para contrato administrativo para a adxudicacion da "Subministración dun camión basculante con grúa pinza para o Concello de Ribadavia", acompañado do correspondente informe de Secretaria de data 18 de abril de 2016 e informe de intervención de data 18 de abril de 2016.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura da documentación do sobre A e acto seguido os sobres B, mediante constitución de Mesa de Contratación ao efecto de data 3 de maio de 2016.

A Mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas, de acordo coa cláusula XV do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta licitación aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 19.04.2016, e dado que o prazo de garantía ofertado pola empresa non cumpre co establecido no prego que sinala que como mínimo debería ser dun ano (1 ano), propuxo declarar deserto o procedemento de contratación, de conformidade coa normativa vixente.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

1. Declarar deserto o concurso para adxudicar o Contrato administrativo para a adxudicacion da "Subministración dun camión basculante con grúa pinza para o Concello de Ribadavia".
2. Notificar o presente acordo o interesado os efectos oportunos.

ADXUDICACION DE CONTRATO MENOR

Vista o expediente relativo a renovación de póliza de R.C. do Servicio Municipal de Deportes, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a oferta económica presentada e obrante no expediente así como o informe do Director do Servicio municipal de deportes, por unanimidade dos seus asistentes, acorda adxudicar o contrato de menor da renovación da póliza de seguros da Responsabilidade Civil do Servicio municipal de deportes a Orbeseguros Galicia Correduría de Seguros coas condicións que constan na oferta presentada, por importe de 792,25 euros.

APROBACION DE PROXECTO



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o proxecto básico e de execución denominado " Actuación na Ponte Romana de Francelos, Camiño de Prexigueiro e Camiño Pendurado en San Paio", redactadas polas arquitectas Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña Arregui Rodriguez, por importe de 60.165,44 euros, proxecto encadrado nos Planos Provinciais de Cooperación de 2016.

Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial de Ourense.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once e media da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia